

CEIP PLURILINGÜE CONCEPCIÓN ARENAL A CORUÑA

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 20/21

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, e o PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19 NOS COMEDORES do 16 de setembro de 2020 o centro educativo elaborou e modificou o "Programa de Acollida".

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización, naqueles aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal docente e non docente e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula, aínda que cumpra coa distancia de seguridade.

Manterase unha distancia interpersonal, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

Para o alumnado de Educ. infantil a máscara é recomendable.

Os grupos cos que contaremos este ano son:

Educación infantil (4º – grupo A)	25 alumnos/as
Educación infantil (4º – grupo B)	25 alumnos/as
Educación infantil (5º – grupo A)	25 alumnos/as
Educación infantil (5º – grupo B)	23 alumnos/as
Educación infantil (6º – grupo A)	25 alumnos/as
Educación infantil (6º – grupo B)	25 alumnos/as
Educación primaria (1º – grupo A)	25 alumnos/as
Educación primaria (1º – grupo B)	25 alumnos/as
Educación primaria (2º – grupo A)	24 alumnos/as
Educación primaria (2º – grupo B)	24 alumnos/as
Educación primaria (3º – grupo A)	18 alumnos/as
Educación primaria (3º – grupo B)	18 alumnos/as
Educación primaria (3º – grupo C)	17 alumnos/as

Educación primaria (4º – grupo A).....	25 alumnos/as
Educación primaria (4º – grupo B).....	23 alumnos/as
Educación primaria (5º – grupo A).....	25 alumnos/as
Educación primaria (5º – grupo B).....	25 alumnos/as
Educación primaria (6º – grupo A).....	25 alumnos/as
Educación primaria (6º – grupo B).....	25 alumnos/as.

A etapa de **Educ. Infantil** está formada por 2 grupos de convivencia de aproximadamente 75 alumnos/as cada un, conforme as zonas separadas onde están ubicadas as aulas:

- **Grupo 1** estará formado polo alumnado que ten as aulas na zona Anexo-Galería.
- **Grupo 2** estará formado polo alumnado que ten ubicadas as aulas no edificio Principal.

Na etapa de Educacion Infantil, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisiones dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Sempre que sexa posible usarse a máscara, poren para o profesorado e o persoal non docente que tena contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

Cada un do resto dos grupos de Primaria será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre sí pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables. Os grupos traballarán cun distanciamento físico, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros respecto dos restantes grupos.

Os grupos estables de convivencia terán as mesmas normas Covid 19 cando non estean na súa aula que o resto do alumnado á hora de desplazarse polo centro. Deste xeito empregarán a máscara nos espazos comúns (Biblioteca, Educ. Física) e recreo, así como nas entradas e saídas.

A materia de Lingua inglesa e Música se impartirán nas diferentes aulas para que o alumnado non se desplace. A materia de Relixión impartirase na aula de Informática.

Debemos evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre sí, isto, obriganos a organizar convintemente as entradas, saídas e recreos e outras situacións de convivencia.

O éxito desde plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto por parte das familias como do profesorado.

HORARIOS DE ENTRADA E SAIDA DO ALUMNADO

Educación infantil (Portón da Rúa Castro Chané):

Entrada: 9:15 h

Saída: 13:45 h (O alumnado do Comedor será recollido ás 13.30 h polo persoal do Comedor)

Educación primaria 1º e 2º: (Portón da Rúa Castro Chané):

Entrada: 9:00 h

Saída: 13:55 h. (O alumnado do Comedor queda na aula, e será recollido polo persoal do Comedor)

Educación primaria 3º e 4º (Portón da Rúa Perpetuo Socorro):

Entrada: 9:05 h

Saída: 14:00 h (O alumnado do Comedor queda na aula, e será recollido polo persoal do Comedor)

Educ primaria 5º e 6º (Portón da Rúa Perpetuo Socorro):

Entrada: 8:55 h

Saída: 13:50 h (O alumnado do Comedor queda na aula, e será recollido polo persoal do Comedor)

En ningún momento durante este curso, nas entradas e saídas de alumnado, se abrirá o portón verde que divide os patios, por donde transitaban as familias dun patio a outro.

ALUMNADO QUE CHEGUE TARDE A SÚA QUENDA DE ENTRADA:

Todo o alumnado que non chegue no horario da súa quenda, deberá acercarse co seu proxenitor á entrada principal do colexio, e esperar a que todo o colexio finalice a entrada. Posteriormente e despois das 9:15 h. será recollido pola porta principal.

ACCESOS AO RECINTO ESCOLAR

IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao patio nin ao edificio.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas.

Por elo, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

🚦 ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN

Só se atenderá presencialmente con cita previa.

Podedes solicitala a través do teléfono (881 880 064 /881 880 066) ou do correo electrónico : ceip.concepcion.arenal@edu.xunta.es

ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS:

MOI IMPORTANTE: Todo o alumnado de Infantil entrará ao recinto cun só proxenitor.

O **alumnado de infantil** terá o acceso pola porta Castro Chané coma sempre.

Este alumnado chegará ao centro 15 minutos máis tarde que o alumnado de Primaria. Non puidendo entrar ata as 9:15 h. cara o patio.

No patio de Infantil haberá zonas diferenciadas para cada unha das aulas. As familias dos diferentes niveis de infantil deberán manter a distancia social entre elas.

O alumnado, que está nas aulas do Anexo-Galería irán incorporando aos alumnos cara a Galería.

O alumnado que ten as aulas no edificio principal introduciranse a cada unha das súas aulas recollido polo profesorado de garda.

O profesorado de Infantil non titor/a estará disponible para acompañar ao alumnado nas entradas.

MOI IMPORTANTE: TODO O ALUMNADO DE PRIMARIA ENTRARÁ AO RECINTO SEN PROXENITOR.

O **alumnado de 1º e 2º de Primaria** entrarán polas portas de Castro Chané (**sen os proxenitores**) que abriranse ás **8:55 h** para que vaian incorporándose de xeito progresivo acompañados por profesorado.

No patio descuberto coma sempre, estarán marcadas as diferentes zonas por aulas, onde serán recollidos polo profesorado titor ou especialista ás 9:00 h.

Todo o alumnado subirá as aulas de 1 en 1, vixiado por profesorado de garda nos corredores.

Ao chegar a súa aula comezarán as rutinas de limpeza de mans e colocación do propio material.

***Os días de chuvia faranse as filas no corredor da planta baixa organizado do mesmo xeito que os outros días sen chuvia.**

O alumnado de 5º e 6º de Primaria accederá as **8:55 h** pola porta Perpetuo Socorro, acompañado por profesorado de garda ata a entrada do patio cuberto na zona marcada con color para cada aula e serán recollidos polos titores/as ou profesorado que corresponda.

Posteriormente subirán as escaleiras de 1 en 1 e accederán directamente á zona de aulas do terceiro ciclo no segundo andar dirixido polo mestre titor/a e outro mestre/a de garda.

A entrada ás **8:55 h. deste alumnado de maior idade**, deixa marxe de 10 minutos ata a entrada do seguinte grupo, e pretende evitar aglomeracións na entrada.

Unha vez que cheguen ás aulas, irán realizando as rutinas de limpeza de mans e colocación de material propio ata o inicio da actividade lectiva.

O alumnado de 3º e 4º de Primaria accederá ás 9:05 pola porta Perpetuo Socorro acompañado por profesorado de garda ata a entrada do patio cuberto na zona marcada con color para cada aula e serán recollidos polos titores/as ou profesorado que corresponda.

Subirán de 1 en 1 a partir das 9:10 h. co titor/a e mestre de garda cara o corredor do segundo andar que xa non estará transitado polo alumnado doutros niveis educativos

Unha vez que cheguen ás aulas, irán realizando tamén as rutinas de limpeza de mans e colocación de material propio ata o inicio da actividade lectiva.

Todos os niveis educativos empregarán a parte dereita dos corredores e escaleiras, que estarán sinalados no chan para establecer un sentido de circulación.

Contaremos con cartelería exposta nos corredores, aulas, aseos para concienciar ao noso alumnado das medidas hixienico-sanitarias para previr e garantir a súa saúde.

ORGANIZACIÓN DOS RECREOS

Realizaremos varias quendas de recreo:

PATIO DESCUBERTO

- de 10:40 h a 11:00h – **Educ. Infantil Grupo 1** da Galería. Aprox.75 alumnos/as
- de 11:05 h a 11: 25 h – **Educ. Infantil Grupo 2** do Edificio Principal. Aprox.75 alumnos/as

EDUC PRIMARIA:

ZONA A Corresponde a PARTE ALTA do patio, cara aos xogos infantis

- de 11:30 h a 11:50 h – **1º A**
- de 12:00 h a 12:20 h – **1º B**

ZONA B Corresponde a PARTE ALTA do patio, cara as barandas de aluminio verde

- de 11:30 h a 11:50 h – **2º A**
- de 12:00 h a 12:20 h - **2º B**

ZONA C Corresponde a PARTE BAIXA do patio, cara as barandas de aluminio verde

- de 11:30 h a 11:50 h - **3º A , 3º B**
- de 12:00 h a 12:20 h - **3º C**

PATIO CUBERTO

ZONA A Corresponde a PARTE ALTA do patio cuberto

- de 11:30 h a 11:50 h - **4º A**
- de 12:00 h a 12:20 h - **5º B**

ZONA B Corresponde a PARTE ALTA do patio cuberto cara ao Pavillón

- de 11:30 h a 11:50 h - **4º B**
- de 12:00 h a 12:20 h - **6º A**

ZONA C Corresponde a PARTE BAIXA do patio cuberto

- de 11:30 h a 11:50 h - **5º A**
- de 12:00 h a 12:20 h - **6º B**

XUSTIFICACIÓN DOS ESPAZOS E QUENDAS.

Na medida do posible limitáronse os espazos para que cada grupo de 25 alumnos/as poida estar distanciados polo menos 1,5 metros, independizando espazos do mesmo aforo. Nos recreos o uso da máscara será obrigatorio.

Tanto o alumnado de Infantil como o de Primaria empregará as mesmas rutas e quendas de entrada e saída que utiliza para as entradas e saídas do colexio, polo que volve a ser moi importante cumprir estritamente cos horarios establecidos.

Crearónse 6 zonas diferenciadas que garantan que cada nivel (25 alumnos/as) poidan ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social e os grupos de convivencia:

Patio descuberto Castro Chané (zona alta da barandilla para atrás, zona xogos): **2 zonas**

Patio descuberto Castro Chané (zona baixa da barandilla cara as portas de entrada ao edif. principal): **1 zona**

Patio cuberto Perpetuo Socorro (zona alta das pistas separados polo portón corredera): **2 zonas**

Patio cuberto Perpetuo Socorro (zona baixa cara as portas de entrada ao edif. principal): **1 zona**

As zonas serán asignadas de xeito rotatorio, invirtindo as mesmas cada día ou semana, aos diferentes niveis educativos.

Os días de chuvia* non haberá saída aos patios. O alumnado permanecerá na súa aula, e sempre usando máscara permitirase a interacción entre eles. Aumentarase a ventilación da aula, e as xanelas permanecerán abertas durante todo tempo do recreo.

Soamente sairá ao patio cuberto o alumnado seguinte:

- **Educ. Infantil**

Establécese unha quenda rotatoria en Educ. Infantil para o uso do patio cuberto que temos na rúa Perpetuo Socorro, comezando polo grupo 1 (Galería), a seguinte vez será o grupo 2 (Edificio Principal) e así sucesivamente.

O grupo que non lle corresponda recreo ao aire libre, fará o recreo na súa aula. Neste caso tamén se merendará na aula.

- **1º de Educ. Primaria** de 11:30 h. a 11:50 h no patio cuberto en dúas zonas diferenciadas por unha liña pintada no chan ou pivotes de cor. Ao remate subirán ás aulas e participarán no Proxecto Lector.
- **2º de Educ. Primaria** de 12:00 h a 12:20 h no patio cuberto. no mesmo espazo que os cursos anteriores, soamente lles cambia, que participarán antes no Proxecto Lector.

UTILIZACION DOS ASEOS

O alumnado empregará os aseos existentes no andar que lle corresponda. O profesorado será responsable da utilización dos mesmos para evitar aglomeracións.

Están establecidos uns horarios para a utilización dos aseos nos tempos lectivos, diferentes ao tempo do recreo, para o alumnado da planta 1ª e 2ª, co fin de que aqueles que o necesiten non teñan que agardar ao tempo de recreo.

Procurarase que a utilización dos aseos, o longo da xornada lectiva, coincida cos tempos de recreo onde haberá un profesor/a de garda encargado dos aseos no andar da planta baixa, preto dos patios.

Respectarase os labores de limpeza e desinfección (3 diarias - servizo de limpeza), polo que aqueles que estean sinalizados nese intre, cos distintivos de limpeza, non poderán ser empregados.

A limitación de aforo para os baños será de **tres usuarios de cada vez**, portando a máscara e para controlalo haberá unha sinalización na parede (semáforo) e no chan para a espera, accedendo cando o baño estea libre.

O profesor/a controlará os accesos aos baños para que se manteñan o número de usuarios, as distancias e non haxa aglomeracións de alumnado, sempre

respectando que estean postas as máscaras.

No caso de alumnado da etapa de infantil ou de NEAE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo, deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

Así mesmo, contemplamos a posibilidade de ofrecer o baño adaptado da planta baixa, para ser utilizado como cambiador do alumnado de 4º de Educ. Infantil durante o primeiro trimestre do curso.

Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans e semáforos de acceso para limitar o aforo.

TITORÍAS

Nas reunións de titorías e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono, AbalarMóbil ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Non se contemplan casos excepcionais que requiran neste momento a titoría presencial.

ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atenderá presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

SERVIZO DE MADRUGADORES

O ANPA oferta o servizo de Madrugadores como en cursos anteriores adaptándoo as medidas Covid 19 e a o seu protocolo de Prevención.

A desinfección e ventilación do espazo de Madrugadores quedará a cargo dos monitores desta actividade.

O centro coordinará cos responsables do ANPA os espazos a empregar en función do número de usuarios de cada quenda. O espazo principal seguirá a ser o Comedor. Debido ás restricións estudarase habilitar outros espazos no colexio, en caso necesario.

O servizo iniciase ás 7:30 h e finalizará as 8:50 h, de tal xeito que o alumnado de Primaria incorporárase á zona de filas na súa quenda programada, comenzando polos 5º e 6º ás 8:50 h. Seguidamente irán os de 1º e 2º ás 9:00 h e 3º e 4º ás 9:05 h na súa zona de incorporación as filas.

O alumnado de Infantil quedará no Comedor ata que lle corresponda incorporarse á súa aula ás 9:15 h.

SERVIZO DE COMEDOR



Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.

O uso do comedor quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados.

O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia anterior.

Os grupos separaranse de forma xenérica por 1,5 metros entre eles.

Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanqueidade entre eles.

O comedor do noso centro é un espazo de 56 m² e a súa capacidade quedará limitada a 25 usuarios.

A capacidade da Biblioteca, espazo colindante ao comedor permite ampliar a utilización deste, e de xeito que se cumpra a distancia de 1,5 metros, de forma xenérica tan só fai posible a ampliación de 10 usuarios. Esta ampliación suporía entre as dúas dependencias, acadar un total de 35 postos de comensais. Polo que, deberánse formar como mínimo 4 quendas de comedor.

Utilizaranse mamparas de separación tanto entre o propio alumnado de forma individual ou entre grupos de convivencia estable, en función do caso se non se puidese manter a distancia de seguridade establecida.

Debido á flexibilización permitida para Educación infantil, na última hora, estableceríamos unha quenda para o alumnado desta etapa educativa antes da finalización da xornada lectiva, que comezará as 13:30 h. Isto permitiría colocar nas mesmas mesas a alumnado que forme parte do grupo de convivencia estable.

Para o alumnado de Educ. primaria organizaríanse outras tres quendas, a primeira para 1º, 2º, a segunda 3º e 4º de primaria e outra para 5º e 6º, cos mesmos criterios que en infantil, con mesas para alumnado pertencente a un grupo de convivencia estable e con mamparas de separación, de ser necesario.

Entre cada quenda realizarase unha limpeza/desinfección a cargo do persoal do comedor das mesas e cadeiras, ao mesmo tempo que se ventila o espazo durante un período mínimo de 15 minutos.

Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, sen prexuízo do establecido para os grupos colaborativos.

Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos. Se fose posible, recoméndase que cada neno ocupe o mesmo lugar.

O Equipo Covid do centro disporá dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.

Recolleráanse os distintos grupos de convivencia estable na porta da aula e serán acompañados ao comedor, polo persoal colaborador, utilizando máscara polos corredores e mantendo o distanciamento entre os grupos.

O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas.

Antes e despois de acceder ao comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño para realizar a hixiene de mans.

Cando remate a comida, o alumnado sairá por orden segundo están sentados nas cadeiras e agruparanse nos patios dos recreos, ou outros espazos habilitados, ata que os familiares os recollan por grupos de convivencia estable ou grupos previos establecidos para tal fin.

Unha vez sexan recollidos polas familias, deberán abandonar o recinto escolar.

O persoal utilizará en todo momento a máscara de protección con independencia do mantemento da distancia de seguridade. Seralle de aplicación todo o previsto con carácter xeral para o persoal de centros educativos.

A tal fin deberá realizar o cuestionario de Autoavaliación Covid-19 antes da incorporación á súa quenda de traballo e proceder de acordo coas instrucións xerais para centros educativos.

No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible.

Illarase ao menor no espazo destinado polo centro: A dependencia da Secretaría do centro, que foi debidamente posto en coñecemento aos responsables e persoal do comedor, onde atopará todo o material Covid 19 (luvas, hidroxel, panos esbotables, termómetro dixital, papeleira de pedal...) posto a súa disposición.

ORGANIZACIÓN DAS SAIDAS DO COMEDOR E ENTREGA DO ALUMNADO AS FAMILIAS

O **alumnado de Educ. Infantil** sairá do centro e entregado ao proxenitor/a, despois do servizo de Comedor entre ás 15:00 h e as 15:15 h. pola porta de Castro Chané.

O **alumnado de 1º e 2º de Primaria** sairá do centro e entregado ao proxenitor/a, despois do servizo de Comedor entre as 15:20 h e as 15:30 h pola porta de Castro Chané.

O **alumnado de 3º e 4º de Primaria** sairá do centro e entregado ao proxenitor/a, despois do servizo de Comedor entre as 15:20 h e as 15:30 h pola porta de Perpetuo Socorro.

O **alumnado de 5º e 6º de Primaria** sairá do centro e entregado ao proxenitor/a, despois do servizo de Comedor entre as 15:30 h e as 15:45 h pola porta de Perpetuo Socorro. O alumnado que ten autorización para marchar só para a súa casa, sairá a mesma hora que os acompañados do seu grupo ou se son autorizados polas familias poderán saír antes.

ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro.

PREVENCIÓN







Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

Non asistirán ao centro aqueles alumnos/as, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID- 19.

HIXIENE E PROTECCIÓN

Antes de acceder as aulas ou a algunha das dependencias limpanse as máns con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

-  Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
-  Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidro alcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
-  Recordar o emprego axeitado das máscaras: cómo poñelas e quitelas, onde se gardan...
-  Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
-  Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (canto é 1 metro e medio)
-  Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

O primeiro trimestre traballaremos co asesoramento do Departamento de Orientación **a atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.**

Se realizarán accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

Todo o profesorado (proposta a incluír no Plan TIC anual do centro) iniciará a formación para o emprego da Aula Virtual no ensino presencial por lo menos unha vez a semana ou quincenalmente, con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

*Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través das canles habituales (web do centro).

O Equipo directivo

Modificación realizada conforme a Instrucción do 16 / 09 / 2020